

ANEXO

Polos dereitos de acometida á Rede de sumidoiros: 150 €

A) PARA UNIDADES CONTRIBUTIVAS CON CONEXIONS NAS EDAR
URBANA E INDUSTRIAL:

A.1) USOS DOMESTICOS E COMERCIAIS

CONCEPTO	IMPORTE €/TRIMESTRE
Cota de mantemento trimestral	6,00 €
De 0 a 30 m ³ /trimestre	0,15 €/m ³
De 30 a 60 m ³ /trimestre	0,20 €/m ³
Mais de 60 m ³ /trimestre	0,25 €/m ³

A.2) USOS INDUSTRIAIS:

CONCEPTO	IMPORTE €/TRIMESTRE
Cota de mantemento trimestral	19,00 €
De 0 a 60 m ³ /trimestre	0,25 €/m ³
Mais de 60 m ³ /trimestre	0,30 €/m ³

B) PARA UNIDADES CONTRIBUTIVAS CON CONEXIÓN NAS EDAR RURAIS
OU SEN CONEXIÓN AS EDARU E EDARI:

CONCEPTO	IMPORTE €/TRIMESTRE
Cota de mantemento trimestral	2,50 €

A Cañiza, 22 de agosto de 2013.—O Alcalde, Miguel A. Domínguez Alfonso.

2013007621

A N U N C I O

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLO
SERVIZO DO CENTRO DE DIA NO CONCELLO DE A CAÑIZA.

O Pleno do Concello de A Cañiza na sesión do 28 de xuño de 2013 aprobou inicialmente a “Ordenanza reguladora do prezo público polo servizo do Centro de Día”

De conformidade co disposto no artigo 17 do TRLRFL o acordo provisional publicouse no BOP nº 134 de 15 de xullo de 2013 e estivo exposto ao público durante o prazo de trinta días hábiles (do 16 de xullo ao 21 de agosto de 2013 ambos incluídos).

Ao non terse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público o acordo provisional de aprobación da “Ordenanza reguladora do prezo público polo servizo do Centro de Día”, enténdese definitivamente aprobado.

Contra o acordo de aprobación definitiva, que pon fin á vía administrativa cabe a interposición de recurso contencioso administrativo ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación.

Do que dáse traslado aos efectos oportunos



**-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN
DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA NO CONCELLO DE A CAÑIZA-**

ARTIGO 1. FUNDAMENTO.

De conformidade co previsto nos artigos 41 a 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de Centro de Día.

ARTIGO 2. CONCEPTO.

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha contraprestación pecuniaria que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación do servizo no Centro de Día de A Cañiza e lles sexa concedido de acordo co previsto no regulamento do servizo.

ARTIGO 3. OBLIGADOS AO PAGAMENTO.

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza os usuarios do Centro de Día de titularidade municipal, ben sexa este xestionado directamente polo Concello, ou pola entidade privada concesionaria da xestión do servizo no caso que se decida a xestión indirecta do mesmo.

No caso de que as persoas anteriores carezan de capacidade de obrar, a obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal.

ARTIGO 4. PAGAMENTO.

1. O pagamento das cotas, realizarase mensualmente nos dez primeiros días do mes a que correspondan. Nos casos en que o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, a cota correspondente ao dito mes ingresarase nos dez días seguintes á data de ingreso.

No caso no que o ingreso no Centro prodúzase con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente a dito mes reducirase nun 50%.

2. Os usuarios incursos nalgunha das situacións que dan lugar a dereito de reserva de praza e unicamente nos casos nos que a ausencia sexa de carácter voluntario nos termos do artigo 13 do Regulamento Regulador do Servizo Público do Centro de Día no Concello de A Cañiza, que se atopen ausentes mais de 15 días, aboarán o 20 % da contía habitual que acheguen, en concepto de mantemento dos servizos básicos do Centro.

3. Salvo o disposto no punto anterior da presente regulación, a falta de asistencia do usuario non supón a redución nin exención da cota mentres no se formalice a baixa correspondente.

Os usuarios deberán anunciar a baixa voluntaria cun preaviso de cinco días de antelación ao remate do mes anterior ao que se faga efectiva a baixa. En caso contrario, ao facer a liquidación o centro poderá cobrar ata un máximo de cinco días como compensación.

4. O pagamento realizarase mediante domiciliación bancaria que autorizará o solicitante do servizo, por escrito, no momento de aceptación da praza no centro.

A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternativas orixinará a perda do dereito á praza.

ARTIGO 5. CONTÍA DO PREZO PÚBLICO.

5.1 Para os usuarios en réxime de xornada completa: 508,48 euros/mes.

5.2 Para os usuarios en réxime de media xornada: 317,80 euros/mes.

5.3 Prezo por hora solta: 5 €/hora.

5.3 Servizo de almorzo: 60,53 euros/mes

5.4 Servizo de comida: 121,07 euros/mes



5.5 Servizo de merenda: 60,53 euros/mes.

5.6 Servizo de transporte: 0,08 euros/km(*)

(*) Cando o servizo de transporte prestado requira a saída do termo municipal de A Cañiza ao prezo por kilómetro anterior aplicaráselle un recargo do 50 %.

A prestación do servizo de transporte farase sempre que as condicións de horario e/ou itinerario o fagan posible.

ARTIGO 6. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A modificación da tarifa do prezo público establecido na presente ordenanza será obxecto de modificación mediante acordo do Pleno do Concello de A Cañiza, previa proposta do servizo correspondente á que haberá de xuntarse informe no que se poña de manifesto que a tarifa proposta cubra como mínimo o custo do servizo prestado ou actividade realizada ou, no caso de que non o cubra as razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que aconsellen fixar prezos por debaixo dese límite.

A contía da cota do prezo poderase actualizar conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor, e será de aplicación, o día da súa publicación íntegra e definitiva no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a aprobación definitiva desta ordenanza poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (arts 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

A Cañiza, 22 de agosto de 2013.—O Alcalde, Miguel A. Domínguez Alfonso.

2013007622

- A N U N C I O -

Por medio do presente faise pública a aprobación definitiva do Regulamento regulador do servizo público de Centro de Día do Concello de A Cañiza (Pontevedra), o cal foi aprobado polo Concello-Pleno na súa sesión de data 28.06.2013 e publicada aos efectos de reclamacións no BOP núm. 134 de data 15.07.2013 e no Taboleiro de anuncios da corporación, sen que durante o prazo de trinta (30) días se presentase reclamación ningunha, polo que o acordo provisional elévase a definitivo.

Contra o acordo de aprobación definitiva, que pon fin á vía administrativa cabe a interposición de recurso contencioso administrativo ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación.



**-REGULAMENTO REGULADOR DO SERVIZO PÚBLICO DE CENTRO DE DÍA MUNICIPAL
DO CONCELLO DE A CAÑIZA (PONTEVEDRA)-**

*TÍTULO PRELIMINAR
OBJECTO E ÁMBITO SUBXECTIVO DO SERVIZO.*

ARTIGO 1.—OBJECTO.

É obxecto do presente regulamento a regulación da organización, funcionamento e réxime xurídico do Servizo Municipal de Atención á Terceira Idade no “Centro de Día Municipal de A Cañiza”, configurado como servizo de atención ás persoas incluídas neste colectivo, declarándose a titularidade municipal deste servizo, que a corporación municipal asume como propio, sen que elo implique a exclusión da realización de actividades prestacionais análogas por iniciativa particular ou de outras administracións públicas.

As disposicións desta norma enténdense sen prexuízo do disposto na lexislación estatal e autonómica aplicable á materia obxecto de regulación, segundo a orde de prelación de fontes que resulta do bloque constitucional.

ARTIGO 2.—ÁMBITO SUBXECTIVO.

Os preceptos desta disposición serán de aplicación, nos termos que a mesma establece, aos suxeitos intervinientes na actividade prestacional, considerándose como tales, a administración titular do servizo, a entidade xestora/concesionaria do mesmo y os usuarios.

O Concello de A Cañiza ostenta a condición de administración titular do servizo.

A condición de entidade xestora/concesionaria poderá corresponder ao titular do servizo, cando éste opte por algunha das modalidades de xestión directa, ou ben a un terceiro, de optarse por algunha das formas de xestión indirecta previstas na normativa de contratación do sector público.

Ostentarán a condición de usuarios, as persoas físicas que de forma directa se beneficien do servizo prestado, podendo actuar nas súas relacións coa administración e a entidade xestora, ben directamente ou ben mediante representante legal designado ao efecto, de conformidade co disposto no artigo 32 da Ley 30/1992, de réximen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común.

*TÍTULO PRIMEIRO
DAS FORMAS DE XESTIÓN DO SERVIZO*

ARTIGO 3. MODALIDADES.

O Servizo Municipal de Atención á Terceira Idade no Centro de Día municipal de A Cañiza poderá prestarse en calquera das modalidades, tanto de xestión directa como indirecta, previstas no artigo 85 da Lei 7/1985, reguladora de las bases de réximen local. A determinación da concreta forma de xestión corresponderá ao Concello-Pleno, mediante acordo adoptado ao efecto.

ARTIGO 4.—XESTIÓN DIRECTA.

A xestión directa realizarase pola propia Corporación municipal, ben a través da súa propia organización, ben a través dun órgano especial desconcentrado que contará, alo menos, cun consello de administración e un xerente, ou ben de forma descentralizada a través dun ente dotado de personalidade xurídica propia, xa sexa pública, en forma de organismo autónomo ou ente público empresarial, ou privada, en forma de sociedade mercantil de capital íntegramente municipal ou mediante fundación privada de iniciativa local.

*ARTIGO 5.—XESTIÓN INDIRECTA.*

A xestión indirecta realizarase en calquera das modalidades previstas no artigo 277 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en forma de concesión, asumindo íntegramente o concesionario os resultados da xestión, xestión interesada, na que a administración e o xestor participan de ditos resultados na forma convenida, concerto cunha persoa física ou xurídica que veña prestando o servizo ou sociedade de economía mixta.

*TITULO SEGUNDO
TIPOLOXIA DO CENTRO E HORARIO**ARTIGO 6.—DEFINICIÓN DO CENTRO.*

O centro de día de A Cañiza é un centro de atención diurna a persoas maiores con perda da súa autonomía física e/ou psíquica que, residindo nos seus propios fogares, necesiten dunha serie de cuidados e atencións de carácter persoal, terapéutico ou social

ARTIGO 7.—TITULARIDADE E ENDEREZO.

- Entidade titular: Concello de A Cañiza.
- Enderezo: Rúa Progreso 21, 36880, A Cañiza (Pontevedra).

*TÍTULO TERCEIRO
PRESTACIÓNS OBXECTO DO SERVIZO**ARTIGO 8.—CONFIGURACIÓN XERAL.*

O Servizo Municipal de Atención á Terceira Idade no “Centro de día municipal da Terceira Idade de A Cañiza” configúrase como un servizo de asistencia diurna ás persoas maiores, incluíndo as prestacións de comedor, cuidado e hixiene persoal, asistencia especializada en xeriatria e enfermería, terapia ocupacional de mantemento e psico-estimulación, animación socio-cultural, asesoramento familiar e servizo de transporte adaptado de recollida e entrega no domicilio.

*TÍTULO CUARTO
DA ADQUISICIÓN E PERDA DA CONDICIÓN DE USUARIO**ARTIGO 9.—REQUISITOS*

Toda persoa que desexe acceder ao centro debe contar cun entorno social e familiar que garanta súa permanencia no medio, así como cumprir unha serie de requisitos:

- Ter cumpridos os 65 anos ou excepcionalmente maiores de 60 anos que pola súa situación persoal ou social necesiten deste recurso.
- Ter perda da súa autonomía física ou psíquica que necesite unha serie de cuidados e atencións de carácter persoal e terapéutico ou social.
- Non padecer enfermidade infectocontaxiosa activa, enfermidade crónica en estado terminal, ou enfermidade clínica que requira atención permanente en centro hospitalario.
- Non padecer trastornos graves de conduta, que poidan alterar a normal convivencia no Centro.

ARTIGO 10.—SELECCIÓN DOS USUARIOS

A selección dos usuarios e, no seu caso, a confección das correspondentes listas de espera, será competencia da Alcaldía, tendo preferencia en todo caso os veciños/as de A Cañiza.

En igualdade de condicións respecto, establecerase unha orde de prelación segundo a valoración efectuada polos Servizos Sociais competentes de acordo coa documentación expresada no artigo seguinte.

ARTIGO 11.—SOLICITUDES DOS INTERESADOS

As persoas que pretendan ingresar no Centro, deberán solicitalo por escrito (persoalmente o por medio de representante) no Rexistro xeral do concello e en modelo normalizado ao efecto (Anexo I).

Á solicitude haberá de achegar a seguinte documentación, en forma orixinal ou mediante copias cotexadass:

- a) DNI do interesado e, no seu caso, do representante legal.
- b) Tarxeta sanitaria
- c) Certificado de empadronamento.
- d) Certificado de minusvalía, se procede
- e) Valoración do grao e nivel de dependencia, se procede.
- f) Declaración do IRPF do solicitante correspondente ao exercicio anterior á solicitude ou, no seu defecto, certificación negativa; neste caso deberá aportar aqueles documentos que acrediten os ingresos que por calquera concepto perciba, acompañados dunha declaración xurada na que manifieste que os acreditados son os únicos ingresos que se perciben.
- g) Informe médico cumprimentado por médico do Sergas ou outra administración pública, coa posoloxía do tratamento farmacolóxico a subministrar e en caso de necesitar, as dietas especiais a seguir, as axudas técnicas prescritas e as necesidades asistenciais e limitacións relevantes.
- h) Informe social elaborado polo Traballador/a social competente na localidade de residencia do solicitante pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios, Servizos Sociais de Atención Primaria e/ou especializada do Sergas, ou doutra administración pública.
- i) Información de datos bancarios e autorización para o cobro dos servizos do centro de día.

ARTIGO 12.—INGRESO E PERÍODO DE PROBA

Estimada polo órgano competente do concello a solicitude de ingreso no centro día, o interesado deberá constituir fianza por importe equivalente a unha mensualidade da tarifa que lle corresponda e persoarse no centro no prazo máximo de quince días naturais, a contar desde o seguinte a aquel en que reciba a notificación da resolución estimatoria.

En caso contrario teráselle por desistido na súa solicitude, salvo causa de forza maior debidamente apreciada polo órgano municipal competente.

No intre do ingreso o usuario aportará:

- Efectos persoais: as persoas usuarias entregarán no centro para permanecer nel: muda de roupa, neceser con utensilios de aseo (cepillo dentes, peine), pañais (se os precisan) e calquera outro material ou utensilio que necesite.
- A principio de semán o usuario ou a súa familia entregará no centro a medicación que nese intre deba estar tomando e esté prescrita polo facultativo correspondente, calquera variación comunicarase ao centro de día e a nova dosificación estará asinada polo médico correspondente.

Con carácter previo á adquisición definitiva da condición de usuario, os solicitantes someteranse a un período de proba que terá como finalidade comprobar se os beneficiarios reúnen as condicións físicas e psíquicas indispensables para ingresar no centro, as súas posibilidades de adaptación ao mesmo e a veracidade dos datos aportados no expediente, tidos en conta para a resolución.

O período de adaptación establecerase en todo caso e terá una duración de 45 días naturais, a contar desde o ingreso e descontados os períodos de interrupción por ausencia obrigada do beneficiario. Transcorrido o período de proba o órgano competente do concello, previo informe da Dirección do



centro, resolverá motivadamente o procedente sobre a consolidación da condición de usuario. Se non se considera idóneo poderase rescindir o contrato, comprometéndose as partes a liquidar o entregado a conta de non haberse agotado o período de proba xa aboadado.

ARTIGO 13.—RESERVA DE PLAZAS

1.—Os usuarios terán dereito á reserva da praza adxudicada definitivamente durante os períodos de ausencia do centro, sempre que se cumpran as condicións que se sinalan:

- a) Nos períodos de ausencia voluntaria, deberá comunicar por escrito a mesma á Dirección do centro, alo menos con 48 horas de antelación ao seu inicio, así como a súa duración aproximada.
- b) Nos casos de ausencia obrigada dos usuarios, solicitada por escrito cando as circunstancias o permitan e por necesidade debidamente apreciada polo director do centro, conservarán aqueles en todo momento o seu dereito de reserva de praza.

2.—Os períodos de ausencia voluntaria non poderán exceder de 50 días naturais ao ano, non computándose a esos efectos as ausencias de fin de semán nin as que teñan unha duración inferior a 4 días naturais.

ARTIGO 14.—PÉRDIDA DE LA CONDICIÓN DE USUARIO

A condición de usuario perderase nos seguintes supostos:

- a) Por vontade propia do usuario, expresada de forma fehaciente mediante escrito dirixido á alcaldía.
- b) Por falecemento do usuario.
- c) Por sanción, imposta pola alcaldía, nos supostos tipificados neste regulamento.
- d) Por perda sobrevida dos requisitos esenciais establecidos neste regulamento, previa resolución da alcaldía.
- e) Por impago dos servizos, nos termos que se especifique na Ordenanza Fiscal.

TÍTULO QUINTO DE LOS DERECHOS Y DEBERES DE LOS USUARIOS

ARTIGO 15.—DEREITOS DOS USUARIOS

Os usuarios do servizo gozarán dos dereitos que lles atribúe a lexislación de réxime xurídico das administracións públicas e a normativa sectorial e, en todo caso, dos seguintes:

- A acceder ao centro e recibir asistencia sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Á consideración no trato, tanto por parte do personal do centro como dos demais usuarios.
- Ao segredo profesional sobre os datos do seu historial sanitario e social.
- A realizar salidas ao exterior.
- A manter relacións persoais, incluído o dereito a recibir visitas.
- A unha asistencia individualizada axeitada ás súas necesidades específicas.
- Á intimidade persoal en función das condicións estruturais do centro e do servizo.
- A que se facilite o acceso á atención social, sanitaria, educativa, cultural e en xeral todas as necesidades persoais que sexan necesarias para alcanzar o seu desenvolvemento integral.
- A deixar de utilizar os servizos ou abandonar o centro por propia vontade, salvo existencia de declaración de incapacidade legal.
- A formular reclamacións.

- A presentar suxestións á Dirección do centro con propostas de mellora dos servizos e actividades.
- A recibir unha información clara e completa sobre a organización do centro, as súas condicións e as súas normativas e toda a información que sexa relevante para a súa estancia no mesmo, e tamén a ser informado de calquera cambio que poida orixinarse na dinámica de funcionamento do centro e que lle afecten.
- A coñecer aos profesionais do centro e a coñecer a quen poida dirixir as súas preguntas ou solicitar as informacións sobre as cuestións relacionadas co mesmo e a súa organización.

ARTIGO 16. – OBRIGAS DOS USUARIOS.

Os usuarios do servizo quedarán suxeitos ao cumprimento das seguintes obrigas:

- a) A respectar as normas de convivencia establecidas no presente regulamento, nas súas relacións cos demais usuarios como co persoal do centro.
- b) Observar unha conducta inspirada no mutuo respecto, tolerancia, colaboración e hixiene, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia, tanto no centro como en calquera outro lugar donde se realicen actividades organizadas.
- c) Ao uso axeitado, con arreglo á súa natureza, dos enseres, mobles e instalacións existentes no centro.
- d) A aboar puntualmente as tarifas correspondentes, dentro dos sete primeiros días de cada mes, mediante domiciliación bancaria.
- e) A respectar as condicións de ingreso, estancia e saída do centro recollidas no regulamento
- g) A asumir pola súa conta:
 - os gastos extraordinarios que realicen.
 - os danos e deterioros que causaren por un uso indebido ou negligente do mobiliario e/ou instalacións do centro.

TÍTULO SEXTO DA ORGANIZACIÓN DO SERVIZO E DAS FACULTADES DE POLICIA DA CORPORACIÓN

ARTIGO 17. – ÓRGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN.

O goberno do servizo corresponderá, en todo caso, á Corporación municipal, que o exercerá a través da alcaldía (ou cargo en quen delegue). A administración e prestación efectiva do servizo corresponderá, ben á propia Corporación, de optarse por algunha das modalidades de xestión directa, ou ben a un terceiro, nos supostos de xestión indirecta, a través do director do centro.

ARTIGO 18. – COMPETENCIAS DA ALCALDÍA.

A Alcaldía, ou órgano no que delegue, ostentará as seguintes competencias:

- a) Velar pola prestación regular, continua e axeitada do servizo, podendo, a tal efecto, solicitar da dirección do centro e dos usuarios a información que precise, realizar visitas de inspección, dictar as ordes e instrucións que resulten procedentes e acordar, nos supostos de xestión indirecta, o secuestro do servizo, o seu rescate e a resolución do contrato, con arreglo á lexislación de contratos do sector público.
- b) Resolver o procedente sobre as solicitudes de ingreso no centro e sobre a adquisición definitiva da condición de usuario unha vez superado o periodo de adaptación, conforme aos criterios previstos nesta disposición.
- c) Exercer la potestad disciplinaria sobre los usuarios del servicio y acordar, en su caso, la pérdida de dicha condición.



- d) Aprobar la revisión y en su caso modificación de las tarifas establecidas.
- e) Interpretar el presente reglamento y resolver las dudas que resulten de su aplicación.

ARTIGO 19. – O DIRECTOR DO CENTRO.

A administración e xestión ordinaria do servizo corresponderá ao director do centro nomeado, con tal fin, pola entidade xestora, correspondéndolle as seguintes funcións:

- a) Elaborar e propoñer ao concello, no seu caso, a aprobación da normativa de réxime interior que precisa para o bo funcionamento do centro.
- b) Propoñer ao concello a adopción de medidas disciplinarias contra os usuarios nos supostos contemplados neste regulamento.
- c) Realizar a xestión económica do centro, garantindo a prestación regular, continua, integral e axeitada do servizo.
- d) Contratar ao persoal necesario para o axeitado funcionamento do centro.
- e) Velar polo cumprimento dos fins fundacionais e das ordes e instrucións adoptadas polo órgano municipal competente.
- f) Informar ao concello de cantas incidencias se produzan e propoñer as medidas que considere convintes para o mellor cumprimento dos fins fundacionais.
- g) Calquera outro cometido que expresamente lle atribúa o órgano municipal competente.

TÍTULO SÉTIMO
DAS TARIFAS A ABOAR POLOS USUARIOS

ARTIGO 20. – RÉXIME TARIFARIO

Será o establecido na Ordenanza Fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de centro de día do Concello de A Cañiza.

TÍTULO OITAVO
DO CONTRATO E DOCUMENTACION DO CENTRO

ARTIGO 21. – CONTRATO.

O centro de día formalizará a prestación do servizo mediante un contrato asinado entre a Dirección do centro e a persoa usuaria, ou o seu representante legal ou gardador de feito. Nel identificarase como mínimo:

- as partes contratantes
- os servizos que se van a prestar
- o prezo dos servizos
- a forma de pago

Expedirase por duplicado e entregáraselle unha copia á persoa usuaria.

ARTIGO 22. – SEGURO.

O centro disporá dunha póliza de responsabilidade civil que garanta a cobertura das indemnizacións ás persoas usuarias, a terceiros e sinistros do inmovible.

No suposto de xestión mediante entidade xestora, esta será a encargada da súa contratación e pagamento.

*ARTIGO 23. – LIBRO DE REXISTRO.*

O centro disporá dun libro de rexistro de usuarios e de expedientes individualizados debidamente custodiados, e nel incluírase a data de formalización do ingreso, á identidade do usuario e anotaranse as incidencias relevantes, así como a data e motivo de baixa do usuario.

ARTIGO 24. – BUZÓN DE SUXERENCIAS.

Os usuarios terán a súa disposición un buzón de suxerencias que será debidamente dilixenciado pola Dirección do centro.

ARTIGO 25. – LIBRO DE RECLAMACIÓN.

O centro disporá dun libro de reclamacións, dilixenciado polo Servizo de Inspección de Centros da Xunta de Galicia, a disposición dos usuarios. No suposto de que se efectuase algunha reclamación, daráselle copia dela á reclamante e remitirase unha segunda copia aos Servizos sociais municipais e ao órgano autonómico competente.

ARTIGO 26. – PROTECCIÓN DE DATOS.

Todos os datos persoais dos usuarios que sexan facilitados ao centro, así como os que se xeren na intervención coas persoas usuarias, serán tratados nun ficheiro de responsabilidade do centro segundo a Ley Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter personal

*TÍTULO NOVENO
DEL RÉGIMEN DISCIPLINARIO*

ARTIGO 27. – HABILITACIÓN LEGAL, COMPETENCIA E PROCEDIMENTO

Díctanse os preceptos do presente título ao amparo da habilitación contida no Título XI da Ley 7/1985, reguladora de las bases de régimen local, establecéndose un cadro de infraccións y sancións co fin de garantir o bo funcionamento do servizo.

ARTIGO 28. – INFRACCIÓN.

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Son infraccións leves:

- A inobservancia reiterada do horario establecido.
- A inobservancia das normas de aseo e hixiene persoal, cando non implique risco para a saúde dos demais usuarios e do persoal do centro.
- O trato desconsiderado hacia os demais usuarios e persoal do centro.
- A inobservancia das normas de convivencia, sempre que non se tipifique como infracción grave ou moi grave.

Son infraccións graves:

- A inobservancia das normas de aseo e hixiene persoal, cando implique risco para a saúde dos demais usuarios e do persoal do centro.
- O trato vexatorio hacia os demais usuarios e persoal do centro.
- A demora inxustificada no pagamento das tarifas.
- A produción de danos nos bens e instalacións do centro ou de outros usuarios, por culpa ou negligencia graves.
- A reiteración de tres ou máis faltas leves.

*Son infraccións moi graves:*

- A agresión física ou o maltrato hacia os demais usuarios e persoal do centro.
- A sustracción de bens do centro ou dos demais usuarios.
- A produción dolosa de danos nos bens e instalacións do centro ou de outros usuarios.
- A reiteración de tres ou máis faltas graves

ARTIGO 29.—SANCIONES.

As sancións que se imporán aos residentes pola comisión das infraccións tipificadas no artigo anterior, serán as seguintes:

- Pola comisión de faltas leves: apercibimento verbal ou por escrito.
- Pola comisión de faltas graves: expulsión temporal do centro por un periodo non superior a un mes.
- Pola comisión de faltas moi graves: expulsión temporal do centro por un periodo de ata tres meses e expulsión definitiva.

Para a gradación das sancións que se impoñan teranse en conta as circunstancias persoais do infractor, a existencia de intencionalidade ou reiteración, a gravidade dos feitos e das súas consecuencias e a reparación, no seu caso, dos prexuízos causados.

Disposición final

De acordo co sinalado no artigo 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, o presente Regulamento entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, a súa publicación íntegra no BOP e unha vez que teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 do mesmo texto legal.

A Cañiza, 22 de agosto de 2013.—O Alcalde, Miguel A. Domínguez Alfonso.

2013007623

* * *

O PORRIÑO**A N U N C I O**

Por Resolución da Alcaldía de data 24 de xullo de 2013, aprobáronse as bases que rexerán a convocatoria pública para a provisión interina, con carácter urxente, duna praza da plantilla do orzamento de 2012 prorrogado para o ano 2013 do concello do Porriño, encadrada dentro do persoal laboral fixo, coa denominación de operario de obras e servizos e coa titulación de certificado de escolaridade ou equivalente, que quedou vacante pola xubilación do seu titular producida o pasado día 13-05-2013, con posterioridade a aprobación da última oferta de emprego Público deste Concello, mediante a contratación laboral de interinidade, o que se fai público a efectos de xeral coñecemento.

**BASES DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA PROVISIÓN INTERINA
DA PRAZA DE OPERARIO DE OBRAS E SERVIZOS DO CONCELLO DO PORRIÑO,
MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN**

1ª.—OBXECTO

O obxecto desta convocatoria e Bases é a provisión interina, con carácter urxente, duna praza da plantilla do orzamento de 2012 prorrogado para o ano 2013 do concello do Porriño, encadrada dentro do persoal laboral fixo, coa denominación de operario de obras e servizos e coa titulación de certificado de escolaridade ou equivalente, que quedou vacante pola xubilación do seu titular producida o pasado día 13-05-2013, con posterioridade a aprobación da última oferta de emprego Público deste Concello, mediante a contratación laboral de interinidade.